



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACION DO SERVIZO DE MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E EXPLOTACIÓN DOS SISTEMAS DE CONTROL DE TRÁFICO DO CONCELLO DE LUGO.

Sendo as 12:30 horas do día 18 de decembro de 2012, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida pola Ilma Sra Tenenta de Alcalde e Concelleira delegada da área de Economía, Emprendedores, Autónomos e Educación, dona Sonia Méndez García, actuando como vocais dona Paz Abreira Sobrado, polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, dona Esther Muñoz Mella, polo Grupo Municipal do Partido Socialista de Galicia-PSOE, don Angel Trabada Gómez, polo Grupo Municipal do Partido Popular, don Marcial Rodríguez Toajas, interventor xeral do Concello, don Luis A. Casais Fernández, titular da asesoría xurídica e actuando como secretario don Manuel Louzao Aldariz, xefe do servizo de contratación, patrimonio e fomento do Concello.

Abre a sesión a Sra Presidenta da mesa de contratación e procédese por parte do Secretario a dar lectura ao informe técnico emitido polo xefe do servizo municipal de enxeñería relativo á valoración dos sobres B correspondentes aos criterios de adjudicación non avaliábel automaticamente. Por parte dos membros da mesa realízase un exame e análise do informe técnico e surxen dúbidas especialmente en relación á valoración realizada do apartado C.4 da proposición presentada por TELEVENT TRÁFICO Y TRANSPORTE S.Á, posto que se propoñen polo técnico catro posibilidades de valoración dese apartado en función da oferta que realice a empresa do prazo de garantía, o cal non se coñecerá ata a apertura do sobre C (criterios avaliábel automaticamente).

Decídese realizar unha consulta ao técnico autor do informe que non pode comparecer por atoparse ausente e explica telefónicamente os pasos seguidos á hora de realizar a avaliación dese apartado concreto da proposición.

Non obstante, dada a complexidade técnica e a inclusión de determinados aspectos da valoración que os integrantes da mesa entenden que deben ser clarificados polo autor do informe ben coa súa presenza na mesa de contratación ou a través dun novo informe, acódase deixar o asunto sobre a mesa e realizar unha nova convocatoria desta á que acuda o enxeñeiro municipal autor do informe.

O representante do grupo Municipal do Partido Popular manifesta o voto en contra do seu grupo en relación con todo o procedemento de contratación por motivos de oportunidade na realización deste gasto que entende pode ser realizado por persoal municipal.



CONTRATACION

RDI

Refª: Acta servizo mantemento sistemas control tráfico lectura informe técnico


Asunto:

A continuación dase conta de todo o acordado ás persoas que asisten como público a este acto: don Carlos López, en representación de ELECTRONIC TRAFIC S.A, don J. Carlos Costoya, en representación de TELVENT TRÁFICO Y TRANSPORTE S.A, don Javier Burgo, en representación de SICE e don Francisco Martínez, en representación de ACISA.

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 13:40 horas no lugar sinalado no encabezamento.

A PRESIDENTA

Asdo: Sonia Méndez García



O SECRETARIO

Asdo: Manuel Louzao Aldariz